

Nota da Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública (AGDSP) sobre a paralización da actividade de tarde nos centros sanitarios públicos.

Ante as contraditorias declaracións da Conselleira de Sanidade e do Presidente da Xunta sobre a orde de paralización da actividade dos centros sanitarios públicos pola tarde (Plan de Redución de Listas de Espera) a Asociación Galega parra a Defensa dá Sanidade Pública quere comunicar:

Que esta decisión esta asociada a estratexia do Novo Goberno en sanidade de reducir gasto e apoiar ao sector privado e que se manifestan en:

- A paralización dos plans de construción de novos hospitais (Plan Directorio que tiña prevista un investimento total de 3.400 millóns de euros Vigo, Pontevedra, Lugo..).
- O Plan de Austeridade que reduciu en 6 millóns ao Capítulo II material sanitario e contratación limpeza, seguridade ou comunicacións.
- A clausura da actividade de tarde dos centros sanitarios públicos, e a súa desviación aos centros privados.

As principais consecuencias serán:

- A privatización dunha parte da atención sanitaria e a descapitalización do Sistema Sanitario Público que este ano reduciu de xeito substancial os seus recursos.
- O incremento das listas de espera dado que os centros privados non teñen capacidade para absorber a atención que se prestaba pola tarde nos públicos.
- Abrir espazos ás multinacionais sanitarias que xa operan en Madrid e Valencia (gobernadas polo Partido Popular) que levan algúns anos comprando centros privados en Galicia con esta finalidade (USP, Capiro, etc)., para cubrir ese déficit.

As peonadas forman parte do Plan de Redución de Listas de Espera supuxeron en 2008 un total de 24.955.331 euros apenas o 0,7% presuposto sanitario total que ascendeu a 3.600.0000.000 euros. Non e comprensible este peche a actividade pola tarde nos Centros Públicos para aforrar tan pouco diñeiro (foi un dos poucos instrumentos para acabar coas listas de espera).

Como mostra da estratexia de potenciar o sector privado da administración do PP queremos sinalar que o pasado ano 2008 o sector privado recibiu só 900.000 euros para esta actividade mentres que os centros públicos recibiron case 25 millóns. No ano 2005 (último goberno do PP) destináronse máis de 37 millóns de euros á actividade extraordinaria dos que 13,7 millóns foron a peonadas en centros públicos e 23,8 millóns aos privados, o que supuxo que o sector privado recibiu o 62,6% do orzamento de actividade extraordinaria para reducir listas de espera mentres que o último ano só recibiu o 3,6%.

Dende a nosa Asociación consideramos que este medida ademais de incrementar as listas de espera (nalgúns centros a cita para algúns tipos de cancro duplicáronse desde a posta en marcha da mesma), vai a dificultar a

resposta ao previsible incremento da demanda de atención pola epidemia de Gripe A.

Esiximos a reapertura dos centros pola tarde e que se manteñan con carácter transitorio as peonadas mentres se abre a negociación acordada na Mesa Sectorial cos sindicatos (Acordo Marco ao que se destinaban este ano 5 millóns de euros paralizada pola Consellería de Sanidade), para manter o Complemento de Dedicación Exclusiva aos médicos e ampliar o horario dos centros sen vinculalo a actividade que é onde se produciron abusos e distorsións por parte dalgúns xefes de servizo.

Para rematar, queremos informar que os médicos do Sergas que compatibilizan a súa actividade no sistema público co exercicio privado, desconvocaron a folga indefinida en demanda da xeneralización do complemento específico, tras recibir dos novos responsables da Consellería de Sanidade o compromiso de "chegar a unha solución, nun prazo razoable de tempo". Isto suporía xeneralizar o plus de 800 euros mensuais co que a sanidade pública compensa a os facultativos con dedicación completa ao SERGAS, o que xeraría un gasto entre 8 e 10 millóns de euros anuais (máis da cuarta parte do diñeiro destinado a peonadas).

Resulta contradictorio que se eliminen as peonadas aos médicos que traballan en exclusiva no sistema público para reducir listas de espera (alegando que promoven a fraude), e que se regale ao redor do 30% deste diñeiro a mellorar as retribucións dos médicos que gañan máis diñeiro por traballar nos dous sistemas, a cambio de nada.

Esiximos, xa que logo, que se manteña e potencie o Complemento de Dedicación Exclusiva (redefinindo o Específico).

Manuel Martín García
Portavoz AGDSP
Tfno: 6697004177